

NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN
Ma. Cruña ó mes, 40 cts. | Fora trimestre, 1'50 pts.
Coste d'un número, 15 » | América id... 2 »
PAGO ADIANTADO

NUMERO 124
A CRUÑA 25 DE XULIO DE 1920

Redacción e Admistración:
PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO
(Irmandade da Fala)

Alborada

A "NOSA TERRA", cumprindo un acordo da II Asamblea Nazonalista de Compostela, i-obedecendo ordes do Direitorio, do que é orgo oficial, oxe festexa chea de ledicia reloadora, o "DIA DE GALICIA". Esta data do 25 de Santiago, en todolos logares do mundo onde latexa un peito galego, é data de lembranza da Patria natural que desde antigo, como agora e sempre, ha ser a única patria verdadeira do home.

Areia a "IRMANDADE", espallada por todolos pobos da nazón de Breogán, facer canfo seja abrangüibre, para que dentro de poucos anos, o 25 de Xulio, non haxa fogar galego, aldean ou vilego, que deixe d'esteriorizar o seu patriotismo no "DIA DE GALICIA".

A Cruña, a capital da Nosa Terra, escomenza a dal-o exemplo. No ano venidero, imitaránn-a todalas cidades galegas.

Cómprenos, porén, na data xurdia d'oxe, saudare con moito amore, con fraterno agarimo, a todolos queridos irmáns na Grande Obra, qu'eisí chamáballle Antolín Faraldo á da redenzón da Terra asoballada.... Cómprenos tamén ofrendarilles unha lembranza cordial ás nazonalidades irmás da Iberia, Portugal libre e Cataluña i-Euskadi arelosas de se celbaren pra conseguir o rèxime de seu que pra nós tamén nosco cubizamos....

Mas a lembranza más do íntimo, a lembranza que delta de xeito maormente cristaiño do fondo da nosa i-alma é a que, fixada con sangue do curazón, temos pra Irlanda, irmá nosa e nosa mestra anaco latexante i heróico do tronco celta, oxe callado de mestos loureiros tinguidos de rexo, quehan cinguir a raza común i-aldraxada de cote ce'a coroa trunfal que so merecen os xurdios «epos» alumeadores da Hestoria....

Irmáns, amigos i-enimigos: falgamos votos no "DIA DE GALICIA" porque a nosa terra chegue a conquetir o Imperio espritoal na futura e gloriosa civilización atlántica que xa encomenza a xurdire i-enchen do da divina saudade, "do que foi e do que agardamos", o curazón dos bónos e xenerosos....

E o momento hestórico "de ser ou non ser" prá terra na que sumos nados nos e neses pais i-abel

Xulio

Semana 28

7

1920—Dende perda das nosas liberdades se non tiña falado na lingua patria de xeito oficial, até esta data na que posessionouse do cárgo de concello cruniés Lois Peña Novo, o primeiro edil nazonalista galego

Miércoles

O NOSO DÍA

Pol-a derradeira Asamblea qu'en Compostela xuntou os nazonalistas, foi acordado facer "Día da Patria" o 25 do mes de Santiago.

Pra contos sinten e teñen ideia da "propria estimación", pra quien o amor de naf é a realidade mais viva e mais sagrada, ese santo dia representará o principio do fin tanto atempo desexado polos verdadeiros gallegos. Nél comezará unha nova vida na que a cruzada dos poyos traballadores pra conquerir a libertad de traballar e a soberanía nazonal, non serán xa impedidos polas vampíreas oligarquías contraristas.

A lei humana, qu'el é lei de xustiza e de moralidade, qu'el providencial, codexamata será esquenclida na loita que se avencia.

Séculos de saqueos e de rapinas caciñas depauperaron unha raza escasa abrindo unha furta n'abismos proporcións na que os mais caros e outos valpores foron sepultados, condonando xeneración tras xeneración, sin rozar siquera os mais pequenos problemas de vida da nación galega.